

NATUREZA INTERIOR DO CORPO

Convertendo ao corpo en orixe e centro do universo íntimo do ser humano pode Miguel Anxo Fernán-Vello construír un *Capital do corpo* -Premio González Garcés 2004- que sexa, ao mesmo tempo, un tratado sobre a existencia, coas súas luces e sombras inherentes; unha guía para percorrer ese “*labirinto e fenda*” que é a nosa realidade carnal e un ensaio sobre a fugaz e inapreixable felicidade que sempre está a perseguir o ser. Por todo isto, sobrancean no poemario, a partes iguais, o erotismo e a reflexión como xa acontecera nas súas primeiras obras -*Do desexo en corpo e sombra*, *Memorial de brancura* e *Seivas de amor e tránsito*- entendidas pola crítica como unha “triloxía erótica”. Trátase, pois, de actualizar o discurso xa iniciado nelas e darlle unha nova volta de torniqueta á presenza dese círculo perfecto e incesante que conforman todos os conceptos relacionados co corpo: a vivencia do desexo e da brancura gozosa, o inicio do tránsito e o seu desembocar na sombra existencial ademais do nexo entre o telurismo e o corpo feminino. Así acontece, sobre todo, nos poemas que se agrupan baixo o título de “Razón do corpo” e que se nos presentan ordenados procurando un efecto climático singular. Desta maneira, aparece primeiro un conxunto de textos -por exemplo, “Teoría ígnea do corpo”, “Corpo que arde por dentro”, “Nudez e froito”, “Corpo plural dos amantes” ou “Muller durmida”- onde o tema central é a vivencia erótica en toda a súa amplitude de relacións (beleza, encontro físico dos corpos, desexo e gozo) e nos que resulta moi rendible o campo semántico da ardencia e a luz. A continuación, introdúcese o elemento temporal a través de dous poemas, “Muller antiga” e “Corpo no recordo”, que actúan a xeito de enlace marcando o momento de iniciar o tránsito desde a brancura que primaba nos textos anteriores ata a sombra que será predominante nos seguintes. O pasado é agora un tempo para lembrar o que xa perdemos e para asumir a imposibilidade de permanecer na fenda luminosa do desexo. Finalmente, chegamos a unha serie de poemas -como “Sentimento de cinza no corpo do emigrante”, “Detección do frío”, “Eliminación da paisaxe”, “Limiar da desolación” ou “Corpos perdidos”- que significan a estadía na sombra, ese territorio inconcreto e desacougante onde nada pervive e o ser debe asumir a desigualdade social e a inminencia do fin e que teñen o seu punto culminante no poema que remata esta serie: “Ruídos previos á morte”. Desta maneira, aparece nos textos a veta existencial e de denuncia que nos recorda os territorios poéticos que Fernán-Vello percorre na actualidade, como puxo de manifesto en *Territorio da desolación* (2004).

Pola contra, “Corpopoemas”, segunda parte do poemario, é un conxunto de textos moi breves onde o poeta nos ofrece un xeito de aforismos ou pensamentos que resumen a súa teoría do corpo e nos que se trasloce tamén a presenza da reflexión metaliteraria sobre o valor do poema. A concentración conceptual neles é tan intensa que rematan cun poema XXI que é en realidade a páxina en branco e xa se anunciaba nos últimos versos do anterior texto - *“Hai un poema futuro/ que nunca será escrito.// (...) Poema en branco/ da morte”*- ademais de ser un diálogo directo co último poema da primeira parte ao representar *“O ruído da ausencia que ten dentes xeados. (...) O ruído impenetrábel da nada”*. É así como o círculo se completa pois, en chegando á sombra e á desolación, pode comezar de novo a rolda cíclica do desexo que constitúe o auténtico *Capital do corpo*, o límite que o converte en animal, luz ou río; a forza que o aproxima á lucidez máis esplendorosa desdobrando previamente a sombra interior e tamén o alimento necesario para a supervivencia. E entón sentimos tremer as raíces da nosa vida reiniciando o camiño tras indagarmos na natureza interior do corpo e dos seus procesos sensitivos, sabendo que *“Somos no mesmo alento a afirmación do corpo/ como un lugar moi leve, un labio compartido/ para selar a entraña da nosa existencia”*.

TERESA SEARA

Grial, 165, xaneiro-marzo 2005, p. 122-123